**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 13/03/2023**
**(Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
ARGIMIRO SERÉN MERA
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes
LINO MOURIÑO SANTIAGO

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**
MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 13/03/2023 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 06-mar-2023, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2023/0750**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa GALICOM COMUNICACIONES SL para o subministro de 5 equipos de comunicación (walkie-talky) para a súa reposición dos existentes no citado Servizo, por un importe total de 7.281,78 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.213.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/0779**
Dáse conta do escrito presentado por INXENIA DESARROLLOS, solicitando autorización para realizar unha exposición de Mulleres Bateeiras de Opmega, do 8 ao 30 de marzo de 2023, na Rúa Castelado (á altura do nº 2), de 150 m² de ocupación..
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da

limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Así mesmo faise constar que os obxectos da exposición non poderán perforar de ningunha maneira o pavimento para fixar a suxección dos mesmos.

**PRP2023/0764**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Caeiro Casas, solicitando a instalación dun espello, badens ou paso de peóns en rúa Aralde nº 56, debido á existencia dunha curva perigosa para a circulación de vehículos e peóns.
Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que á altura do nº 59 existe un mastro metálico que no seu día tiña colocado un espello panorámico, considerando que se debería repoñer para facilitar a visibilidade na curva, tanto de vehículos como de peóns.
A Xunta de Goberno Local acorda que se procede á reposición do espello no mastro existente.
Dar conta ao Servizo Municipal de Obras, coa finalidade de que se proceda á instalación dun espello.

**PRP2023/0765**
Dáse conta de queixa presentada por D. José Carlos Martínez López por acumulación de augas de choiva na confluencia das Rúas Moreira Casal e Praza da Estación, producindose filtracións de auga nos garaxes.
Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que na confluencia de ambas rúas, e en angulo recto existe a cada lado un paso de peóns elevado, e entre un e outro hai un tragante de pluviais, que probablemente non absorba toda a auga e a mesma discorra pola beirarrúa.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que polo Servizo Municipal de Obras se proceda a realizar uns desaugadoiros ou colocación de tragantes de maior tamaño co fin de evitar os problemas indicados.

**PRP2023/0777**
Dáse conta de escrito presentado por Dona Tamara Ballesteros Refojos, Directora da Escola Infantil "A Galiña Azul", situada en Rúa Os Anxos nº 9, indicando que as prazas de estacionamento existentes son ocupadas (unha ou dúas prazas) por veciños/as da zona e solicitando a sinalización de reserva de catro prazas de estacionamento para o persoal da Escola Infantil.
Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e a corda comunicarlle que as prazas de estacionamento existentes son de uso público para a veciñanza/usuarios/as da Escola Infantil, polo que o estacionamento seguirá sendo de carácter público e libre.

**PRP2023/0834**
Dáse conta de escrito presentado por D. Joaquín Campos Martínez denunciando a circulación de vehículos a gran velocidade pola Rúa Depuradora, e solicitando a instalación de bandas redutoras de velocidade.
Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á instalación de badens na ubicación sinalada pola Policía Local para reducir a velocidade de circulación dos

vehículos.
Dar conta ao Servizo Municipal de Obras.

**PRP2023/0851**
Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Cuadrado García, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 18 de marzo, en horario de 11:30 a 14:00 horas para instalar unha mesa informativa con carpa do partido político VOX.
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2023/0875**
Dáse conta de solicitude de D. Francisco Javier Guillán Busto, Xefe do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias de autorización para asistir ao Congreso Internacional de Prevención e Emerxencias, que terá lugar os días 22 e 23 de marzo en Alcobendas (Madrid), con aboamento dos gastos correspondentes.
A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a súa asistencia e aprobar o gasto correspondente a mesma, coa seguinte desagregación:
- Inscrición: 125,00 €, con cargo á partida 920.16200.
- Desprazamento: 266 €, con cargo á partida 135.23120.
- Axudas de custo: 154,26 €, con cargo á partida 135.23020.

**PRP2023/0878**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Ana María Granja Guillán, solicitando autorización para ocupación de vía pública os días 14 e 18 de marzo na Praza de Galicia, de 11:00 a 14:00 horas para realización de actos do Partido Popular.
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións

de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2023/0879**
Dáse conta do escrito presentado pola Asociación Cultural e Deportiva Ares de Arousa, solicitando autorización para pasar con cabalos por diversas Rúas (dende A Laxe ata a Praia de Compostela), cun grupo de alumnos, os días 12 e 26 de marzo.
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- De cara ao tráfico, deberán acompañar en todo momento aos cabalos no percorrido pola vía pública
- Deberá terse en conta que non se poderá impedir o uso de mobiliario urbano nin o paso dos peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2023/0884**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEPYMEDICAL SLU para reposición dun desfibrilador semi automático para o Servizo de Praias, por avaría dun dos existentes, por un importe total de 1.524,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.213.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/0885**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEPYMEDICAL SLU para dotación de material sanitario para os postos de primeiros auxilios das praias de Preguntoiro, Concha-Compostela e Campanario, por un importe total de 3.994,27 € (IVE incluído), con cargo á partida 1722.22199.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/0886**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEPYMEDICAL SLU para

subministro de articulos de uniformidade para os socorristas do Servizo de Praias para a epoca estival 2023, por un importe total de 1.224,04 € (IVE incluído), con cargo á partida 1722.22104.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/0887**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEPYMEDICAL SLU para subministro de tubos de rescate acuatico para extracción de afogados para os Socorristas das praias de Preguntoiro, Concha-Compostela e Campanario, por un importe total de 958,32 € (IVE incluído), con cargo á partida 1722.22199.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/0891**
Dáse conta do escrito presentado por D. Antonio de Santiago Laporte no que indica:
Vindo desde Caldas pola vía rápida, na primeira saída de Vilanova de Arousa, accédese á rontonda de RENZA. Antes de chegar á devandita rotonda atopamos un STOP para deixar paso aos vehículos que proveñen de SANTA MARIÑA e o matadoiro nunha carrtera secundaria e case sen tráfico.
Solicitta avaliar a posibilidade de invertir o STOP e poñelo á estrada secundaria de SANTA MARIÑA (sen tráfico, con vehículos que van a pouca velocidade pola curva pronunciada en baixada da que proveñen) e non á saída dunha estrada principal como a vía rápida con gran cantidade de vehículos que veñen a unha maior velocidade e que ven obrigados a para en seco e quedar nun STOP en costa.
Dáse conta de informe da Policía Local no que se fai constar que en todo caso deberá ser o titular da estrada que debería estudar a modificación da sinalización.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a documentación á Xefatura Territorial da Consellería de Política Territoral, organismo titular da estrada de referencia, para que informe en relación co citado cambio de sinalización da estrada de titularidade autonómica.

**PRP2023/0893**
Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa IMATIA INNOVATION SL para o desenvolvemento de tres xornadas presenciais, os días 27, 28 e 29 de marzo de 2023 (dous técnicos o primeiro día e un técnico o segundo e terceiro día) de formación e asistencia técnica para o arranque en produción da plataforma XIESS de Servizos Sociais por un importe de 2.904 € IVE incluído. con cargo á partida 231.22799.
Esta formación está destinada ao persoal do departamento de servizos sociais.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/0894**

Dáse conta de proposta da Alcaldía en relación co compromiso de cesión de uso de instalacións con destino ao desenvolvemento das actividades da entidade Liceo Casino.
Tendo en conta que o Concello adquiriu no ano 2018 a denominada "Casa Jaureguizar" situada na Avda. Doutor Toruón, e estando prevista a súa futura remodelación para centro socio-cultural, a Xunta de Goberno Local acorda aquirir o compromiso de ceder temporalmente o uso ao Liceo Casino, dunha zona das instalacións da Casa Jaureguizar, unha vez que se atope totalmente remodelada, para o desenvolvemento das actividades propias da sociedade Liceo Casino, na zona na que se concrete no seu día a devandita cesión de uso temporal.

**PRP2023/0895**
Dáse conta da proposta de convenio a asinar entre Dona Leonor Villaronga Perez e o Concello de Vilagarcía de Arusa para a cesión dunha superficie de 76 m² de parcela situada en Rúa San Antón-Faxilde 8, coa finalidade de proceder a dar cumprimento ás previsións do PXOM e ampliar o vial existente en Rúa do Xogo, Faxilde, á que da fronte a citada parcela.
O Concello de Vilagarcía comprométese á delimitación da parcela resultante tras a cesión gratuíta efectuada mediante o citado convenio. A delimitación farase de acordo coa normativa urbanística de aplicación, tendo en conta a clasificación do solo, coas seguintes consideracións:
- Como o terreo da parcela está mais alto que o camiño de Rúa Xogo, se realizará un muro de contención con cachote de pedra ou formigón duns 15 cm. por enriba da rasante da parela, delimitando desta maneira a parcela do camiño.
- Acondicionamento da superficie aceptada polo Concello de Vilagarcía de Arousa para incorporar ao camiño municipal.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado convenio e a aceptación da cesión de 76 m², así como os compromisos que figuran no mesmo.

**PRP2023/0898**
Vista a proposta da Área de Comunicación social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos co fin de dar cumprimento ao acordo Plenario de 31 de xaneiro de 2019 de nomear a piscina Municipal co nome de "Celestino Brianes Lojo".
- Orzamento presentado por FORJAROURA SL para bastidor metálico en tubo 30x30 galbanizado, por importe de 1.191,85 € (IVE incluído), con cargo á partida 912.22601.
- Orzamento presentado por Visual Graphics Imagen y Publicidad SL para subministro de paneis do totem en substrato ríxido DIBOND efecto aceiro cepillado, en bandexa pregada + cortes, fendido e gravado mediante CNC, reforzos interiores, instalación, materiais e desprazamentos incluídos, por un importe total de 2.510,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 912.22601.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/0900**
Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por APA España SL para o subministro de material para o ploter (lonas, vinilos e papeis), por un importe total de 2.311,10 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22000.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/0904**
Dáse conta da proposta de convenio a asinar entre D. Juan Gonzalo Ozores Vázquez e o Concello de Vilagarcía de Arusa para a cesión dunha superficie de 178 m² de parcela situada en Rúa Feal - Sobradelo 1, coa finalidade de proceder a dar cumprimento ás previsións do PXOM e ampliar o vial existente en Rúa Feal- Sobradelo á que da fronte a citada parcela.
O Concello de Vilagarcía comprométese á delimitación da parcela resultante tras a cesión gratuíta efectuada mediante o citado convenio. A delimitación farase de acordo coa normativa urbanística de aplicación, tendo en conta a clasificación do solo, coas seguintes consideracións:
- Como o muro está catalogado con protección segundo o PXOM, o Concello comprométese a solicitar a autorización necesaria ante a administración competente para a reconstrución do muro. A delimitación farase de acordo coa normativa urbanística de aplicación, tendo en conta a clasificación do solo, e as indicacións sinaladas na autorización de Patrimonio. Ademáis se fará o acondicionamento da superficie aceptada polo Concello mediante o citado convenio para incorporar ao camiño municipal.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado convenio e a aceptación da cesión de 178 m², así como os compromisos que figuran no mesmo.

## BENESTAR SOCIAL

### EMPREGO

**PRP2023/0877**
Dáse conta do escrito presentado pola Asociación de Comerciantes Centro Comercial Aberto Zona Aberta, Entidade colaboradora para a xestión dos "BONOS SON DA CASA", achegando a seguinte documentación xustificativa, correspondente á campaña Bonos Son da Casa 2022.
Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica e o informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:
- Aprobar a conta xustificativa, debendo reintegrar ao Concello a cantidade de 1.260,00€ correspondente aos bonos non trocados, tanto no importe referido á aportación dos particulares como á parte da achega municipal, coa seguinte desagregación:

| Descrición | Importe € | Concepto ingresos | Aplicación gastos |
|---|---|---|---|
| Ingreso aportación particular bonos non trocados campaña 2022 | 840,00€ | 39901 | |
| Reintegro aportación Municipal Bonos non trocados | 420,00€ | | 4311-470 |
| Reintegro aportación municipal Bonos non vendidos | 0€ | | 4311-470 |
| TOTAL A REINTEGRAR | 1.260,00 € | | |

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2023/0849**
Vista a proposta do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:
Autorizar a saída Cultural a Vigo o vindeiro 17 de marzo de 2023 para asistir a unha charla-obradoiro co lutiher de guitarras Marcos Domato, con horario de saída aproximado as 15:50 horas e horario de regreso ás 19:54 horas desa data. A saída didáctica vai dirixada ao alumnado

da especialidade de guitarra do Conservatorio Profesional de Música, e ás súas familias. O alumnado interesado deberá aboar o custo dos billetes de tren dende Vilagarcía a Vigo e regreso, facéndose cargo da viaxe a profesora Dona Mª Begoña González Larriba.
Esta actividade non ten custo económico algún para o Concello.

**PRP2023/0850**
Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar os servizos de creación de accións de comunicación e promoción para dar visibilidde mediática ao Festival Internacional de Música clasclás do 5 de abril ao 5 de maio e do 5 de xuño ao 5 de xullo de 2023 a MBH Comunicación (Marcos Blanco Hermida) con NIF 36142538Q polo importe total de 5.445,00€ (4.500,00 € + 945,00€ do IVE) , con cargo ao Proxecto financiado con RRPP do orzamento do festival clasclás para o ano 2023 (partida orzamentaria 3261.22706).
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**SANIDADE**

**PRP2023/0861**
Vista a solicitude de Don José María Barcia Fariña titular da licenza de taxi nº39 de autorización para colocación de publicidade nas portas posteriores do vehículo auto-taxi.
A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a colocación de publicidade cunhas medidas de 75cm.x35cm, coa lenda "Centro de Día Lembranzas"
A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que unha vez instalada a publicidade deberá comunicalo ó Concello para comprobar que se axusta á normativa vixente.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

**MEDIO AMBIENTE**

**PRP2023/0902**
Dáse conta da Resolución de Augas de Galicia da Consellería de infraestruturas e Mobilidade , de concesión de axuda para entidades locais de Galicia, en rexime de concorrencia competitiva , destinada á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións convocadas pola Resolución do 23 de agosto de 2022 no DOG do día 7 de setembro de 2022 .
O CUSTE TOTAL ESTIMADO DA AUDITORIA é 18.149,36 € ( con IVE incluído).
O IMPORTE TOTAL DA AXUDA CONCEDIDA : 14.519,49€ (IVE incluido) estará subvencionado.
A DIFERENZA ESTIMADA DE 3.629,87 € ( IVE incluido) que será soportado polo concello dependerá da adxudicación.
Recordase que o IVE será subvencionable só no caso de que non sexa repercutible. Para tal efecto, o concello deberá presentar coa documentación xustificativa un certificado en que declare expresamente que o IVE dos gastos subvencionables non é repercutible polo concello.
Así como a data limite de 30 de xuño de 2023 para presentación da documentación xustificativa.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora da concesión da subvención referente de concesión de axuda para entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva , destinada á

realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións e acorda:

- Aceptar as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión .
- Dar conta da Resolución ao Departamento de Intervención.
- Aprobación da achega municipal por IMPORTE ESTIMADO DE 3.629,87 € será soportado polo concello.

**PRP2023/0915**

Dáse conta da seguinte proposta da contratacion de asistencia técnica en relación coa subvención pública na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia para o exercicio 2022-2023.

O día 9 de decembro de 2022 comunícase a este Concello a resolución da directora xeral de Patrimonio Natural por delegación da conselleira de medio ambiente, Territorio e Vivenda de concesión de subvención convocada ao abeiro da Orde do 10 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT821A) para o proxecto "mellora de espazos degradados, conservación de hábitats e eliminación de especies invasoras".

Dentro do proxecto presentado inclúense actuacións de retirada de especies invasoras ou alóctonas (entre outros espazos, na senda da Rosa e na Comunidade de montes veciñais en man común de Cea e de Guillán) e plantación de frondosas (entre outros espazos, na Comunidade de montes veciñais en man común de Guillán e Pinar do Rei), así como outras actuacións de limpeza e mellora de espazos degradados noutras zonas do termino municipal.

Para a realización dos anteriores traballos sería necesario contratar unha asistencia técnica para a redacción do prego de prescricións técnicas particulares para a contratación da empresa que vaia executar as actuacións na CMVMC de Guillán, Cea, Pinar do Rei e na Senda da Rosa así como para supervisar a execución de todos os traballos incluídos no proxecto obxecto desta subvención, e que se definen no programa de actuacións que se achega.

Solicitáronse presupostos para a referida asistencia técnica as seguintes empresas: OFTEFOR C.B por unha cantidade de 13.500 € (IVE excluído) e 16.335 € (IVE incluído), NATURGALIA S.L. por unha cantidade de 14.500 € (IVE excluído) 17.545 € (IVE incluído) e SILVOCANTABRICA S.L por unha cantidade de 15.000 € (IVE excluído) e 18.150 € (IVE incluído).

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

Contratación da empresa OFTEFOR C.B. con CIF E-36418283, por unha cantidade de 16.335 € (IVE incluído) por ser a oferta economicamente máis vantaxosa, para a realización da asistencia técnica consistente tanto na redacción do prego de prescricións técnicas para a contratación da empresa que executará as actuacións nas Comunidades de montes veciñais en man común de Cea e Guillán, Pinar do Rei e na Senda da Rosa incluídos na memoria de actuación presentada a parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas por unha cantidade de 1.815€ (IVE incluído), como a supervisión da execución de todos os traballos incluídos na memoria da subvención consistentes en diversas actuacións (eliminación de especies invasoras ou alóctonas e plantación de frondosas, actuacións de limpeza de residuos en zona fluvial, pequenas actuacións de eliminación de vertedoiros incontrolados, .....) por unha cantidade de 14.520 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720-640.

Dar conta ao Departamento de Intervención e Contratación.

**TURISMO**

**PRP2023/0881**
Dáse conta da proposta da Concellería de Turismo para aprobar a xustificación da subvención outorgada ao abeiro das bases para a concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento dos custos da prestacion de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de turismo info Rías Baixas correspondentes ao ano 2022:
A Deputación Provincial de Pontevedra publicara as BASES PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE TURISMO INFO RÍAS BAIXAS CORRESPONDENTES AO ANO 2022, que se achegan con esta proposta.
A Concellería de Turismo propuxo á Xunta de Goberno a solicitude desa axuda xa que a Oficina Municipal de Turismo está adherida a á rede de INFO RÍAS BAIXAS.
Logo a Deputación Provincial publicou, no BOP do 06/06/2022, a resolución desa convocatoria, na que figura unha axuda ao Concello de Vilagarcía por importe de 10.185,00 €.
A subvención financia os custos salariais de persoas empregadas públicas que presten servizos de atención ao público e información e oficinas de turismo. E dicir, non se require a contratación de máis persoal, a subvención pode ser xustificada cos custos salariais das persoas que xa están a prestar ese servizo.
A Xunta de Goberno Local acorda que a xustificación da subvención se faga imputando os gastos salariais de Mª de los Ángeles Fernández del Río, persoal laboral do concello, que presta os servizos a xornada completa na Oficina Municipal de Turismo. De acordo co documento que se achega, emitido polo departamento de Recursos Humanos do concello , os gastos desa contratación, durante do ano 2022, foron 38.676,21 € (incluída a Seguridade Social a cargo da empresa).

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

**CONSUMO**

**PRP2023/0841**
Vista a reclamación formulada o día 13/11/2020, por D. FRANCISCO JAVIER POMBO VIDAL con DNI: 35449325T, na que reclamaba os danos sufridos no vehículo matrícula 5869GDW, debido ás labores de desbroce realizadas por operarios municipais na Rúa Aquilino Iglesias Alvariño.
Tendo en conta que se lle envía oficio con data de rexistro de saída 16/12/2020, remitido por correo certificado con data de envío 21/12/2020, no que se lle require para que aporte valoración dos danos ocasionados, ou no seu caso, se dispón dela, factura de reparación dos danos que conste como pagada, e que ata a data non aportou a documentación requerida para poder continuar co trámite do seu expediente.
A Xunta de Goberno Local acorda:

O arquivo da reclamación presentada por D. FRANCISCO JAVIER POMBO VIDAL, por caducidade, debido a que pasaron máis de tres meses desde que foi requerido sen que realizase as actividades necesarias para reanudar a tramitación da devandita reclamación, entendendo ao reclamante como desistido no procedemento.

**PRP2023/0839**
Vista a reclamación formulada o día 02/09/2020, por Dna. MILAGROS PESADO CALVO con DNI: 35461872N, na que reclamaba os danos sufridos xa que circulando co seu vehículo pola Rúa Rodrigo de Mendoza, sáltalle unha pedra a un cristal do mesmo, cando operarios municipais estaban facendo labores de limpeza de xardíns Tendo en conta que se lle envía oficio con data de rexistro de saída 14/12/2020, que lle é notificado con data 15/12/2020, no que se lle require para que aporte valoración dos danos ocasionados, ou no seu caso, se dispón dela, factura de reparación dos danos que conste como pagada, así como que indique a matrícula do vehículo, xa que non constaba no escrito de reclamación que presentou e que ata a data non aportou a documentación requirida para poder continuar co trámite do seu expediente.
A Xunta de Goberno Local acorda:
O arquivo da reclamación presentada por Dna. MILAGROS PESADO CALVO, por caducidade, debido a que pasaron máis de tres meses desde que foi requirida sen que realizasen as actividades necesarias para reanudar a tramitación da devandita reclamación, entendiendo á reclamante como desistida no procedemento.

**PRP2023/0844**
Dáse conta de reclamación de responsabilidade patrimonial formulada o día 02/6/2022 por D. Daniel Muñoz Ruíz e/n D. Juan Manuel Pisani Abal, con DNI: 35475905S na que reclama os presuntos danos sufridos no seu vehículo matrícula 7571GCZ, o día 21/04/2022, cando circulaba pola Praza Lino Arcos Salgado, debido ao mal estado da vía.
Dáse conta de informe do Encargado do Servizo Municipal de Obras, de data 08/08/2022, no que se indica:
"Dita praza é a confluencia de varias pistas, concretamente o sinistro prodúcese no camiño do Reixo debido a que existe un socavón de 10,5 cm de profundidade x70 cm de longo, posibilidade producido por unha rotura dunha tubaxe de alcantarillado dado que o socavón atópase na dirección da liña de dita tubaxe".
A Xunta de Goberno Local acorda estimar a devandita reclamación e en consecuencia aboar a D.Juan Manuel Pisani Abal o importe de 195,29€, polos danos ocasionados no vehículo matrícula 7571GCZ, con cargo á partida 929.22699, condicionando o pago á previa presentación de factura de reparación dos danos que conste como pagada, e datos bancarios onde debe realizarse o pago.

**PRP2023/0846**
Vista a reclamación presentada o día 24/01/2022 por Dna. María José Lago Lago actuando en representación de CATALANA OCCIDENTE, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, no que solicita a devolución á mesma do importe de 2.484,13 € por ingreso indebido a este Concello.
Tendo en conta que o día 06/10/2019 se produciu un accidente de circulación na rúa Daniel Espiño, onde se causan danos no alumeado público por parte do vehículo matrícula M-0604-ZK, asegurado en Catalana Occidente, sendo os mesmos reparados pola empresa IDELNOR PROYECTOS GESTIÓN Y SERVICIOS que lle reclama á citada aseguradora o importe de 2.484,13€, os cales son aboados pola mesma a través de transferencia de data 17/01/2020.

Posteriormente e por erro, en data 13/05/2021, Seguros Catalana Occidente realiza un segundo pago do mesmo importe a este Concello, tratándose por tanto dun ingreso indebido de 2.484,13€. A Xunta de Goberno Local acorda a devolución a CATALANA OCCIDENTE, S.A DE SEGUROS Y REASEGUROS do importe de 2.484,13 €, na conta bancaria establecida na súa reclamación.

**PRP2023/0888**
Visto o recurso de reposición presentado o día 22/02/2021, por Dna. MARÍA DEL CARMEN IGLESIAS MARTÍNEZ con DNI: 35455604T, contra o acordo de Xunta de Goberno Local adoptado na sesión celebrada o día 05/10/2020, no que se dispón:
-Dáse conta da reclamación formulada o día 09/07/2020 por Dna. María del Carmen Iglesias Martínez con DNI: 35455604T, na que reclama os presuntos danos sufridos o día 04/07/2020, cando segundo a súa manifestación, cae debido ás imperfeccións do pavimento na Rúa Valentín Viqueira.
Dase conta do informe do Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras, no que se indica:
En principio hai dúas rúas co nome Valentín Viqueira, non indicando en cal delas foi nin o número. Na Rúa Valentín Viqueira /Carril se estivo facendo reparación durante 1 mes aproximadamente pero antes da reclamación.
Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación, xa que á vista da reclamación non se concreta o número nin a rúa onde se produciron os feitos.
Tendo en conta que no recurso de reposición presentado se indica que a reclamante ignoraba que no mesmo municipio existiran dúas rúas co mesmo nome e que evidentemente, en todo momento se fixo referencia á pertencente ao caso urbano, xa que se fose coñecedora da outra o faría designando a zona, e dicir, Carril.
Por outra banda, unha vez se lle remite o escrito do recurso de reposición ao Encargado do Servizo de Vías Públicas e Obras, este emite novo informe, onde indica que o día 07/10/2021, personado no lugar onde ocorre o sinistro, non se aprecia ningunha deficiencia salvo pequeñas imperfeccións nalgunhas lousas de pedra e que non existe ningunha dificultade de percepción.
Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso de reposición presentado por Dna. María del Carmen Iglesias Martínez.

**MULLER E PERSOAS MAIORES**

**PRP2023/0892**
Dáse conta da proposta da Concellería de Muller para aprobar a realización da campaña-acción sobre acoso en redes sociais e whatsapp 2ª parte "Pon as lentes violetas":
OBXECTO DO CONTRATO QUE SE PROPÓN REALIZAR: Realización da segunda parte da campaña- acción sobre acoso en RR.SS. e whatshap indicada no pasado ano, co obxectivo de concienciar sobre a problemática das violencias machistas que se estenden a través das redes sociais, así como informar e educar sobre o bo uso das TIC.
NECESIDADE A SATISFACER: Mediante Resolución de transferencias da Secretaría de Estado de Igualdade para o exercicio 2022 foron transferidos os fondos asignados aos Concellos. A resolución de transferencias, publicada o 02 de agosto de 2022 , recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 25002,84€ €. O Concello, pola súa parte, tiña un remanente compensable no 2022 de 4,35 euros, polo que a cantidade a ingresar sería de 24998,49. Desta resolución e do remanente deuse conta á XGL de data 22 de agosto de 2022, onde se aprobou o ingreso de 24998,49 euros máis o remanente de 4,35 euros.

A Resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1 de xullo de 2022 e o 30 de xuño de 2023 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2023. A prevención da violencia machista constitúe unha liña transversal e prioritaria para a Área de Igualdade-CIM, que se materializa en diferentes intervencións orientadas a traballar, dende idades cada vez máis temperás, a igualdade entre homes e mulleres como estratexia de prevención e de promoción dunha sociedade máis xusta e equitativa e complementar a labor desenvolvida polo persoal docente nas aulas.

ACCIÓN A DESENVOLVER: Seguindo esta liña, propoñémonos continuar coa intervención sobre o uso das tecnoloxías da información e a comunicación na poboación adolescente, ao ser dende a nosa experiencia un colectivo especialmente vulnerable, avalado ademais polos datos do Observatorio nacional de Tecnoloxía e Sociedade, que di que mais dun 25% das mulleres entre 16 e 25 anos recibiron insinuacións non apropiadas a través das redes.

No marco da celebración da Basket-Cup Helena Mariño, aproveitando o poder de convocatoria deste evento anual, que reúne a multitude de equipos de baloncesto de distintas partes do estado en idades adolescentes e preadolescentes, imos lanzar a segunda fase da campaña deseñada no pasado ano a través dos fondos do pacto de Estado, que se desenvolverá ó longo dun mes.

A campaña vai constar dunha parte parte gráfica con lonas, cartaces, camisetas e mochilas para visibilizar a campaña tanto no espazo de celebración do torneo, como nos centros educativos e outras entidades, como nas redes sociais e outra parte de difusión e dinamización en redes.

Recabarase a participación na campaña a través dunha acción, que consistirá en fotografiarse cunhas gafas violetas como exercicio simbólico para facer visible o acoso e a resposta contra el. Esta fotografía se subirá as redes persoais de cada participante cun hastag específico da campaña, que enlazará coas contas creadas en instagram e tik-tok para a súa difusión.

Tamén temos prevista a creación dun banner na páxina web do concello e unn código QR que enlazará aos contidos da campaña.

Temos prevista unha duración dun mes posto que despois da finalización da Basket Cup Helena Mariño continuaremos a acción nos centros educativos, clubes deportivos e outras entidades da vila. Nos centros educativos esta acción ira acompañada de obradoiros dirixidos ao alumnado para previr e sensibilizar sobre o acoso sexista e as súas manifestacións e consecuencias.

CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO:

- Impresión de 6 lonas de 4*2 e 12 de 2*1 coas gráficas da campaña.
- Impresión de 350 carteis
- Deseño PDF informativo da campaña para a web.
- Reparto de cartaces por establecementos.
- Impresión de 3000 gafas troqueladas
- Adquisición e impresión de 100 camisetas e 900 mochilas coa gráfica da campaña.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realizacion da actividade, e aprobación de gastos para a sua celebración por importe total de 6.502,55 €, con cargo á partida 2312.22615, coa seguinte desagregación:

| Proveedor | Datos fiscais | Servizo a Prestar | Orzamento |
|---|---|---|---|
| UQUI CEBRA S.L. | B15924624<br>Rúa Porto de Amio, 20<br>15707 Santiago de Compostela – A Coruña | Deseño PDF informativo sa campaña “Pon as lentes violetas | 726,00 |
| GRAFICAS ANDURIÑA | F36019289<br>Avda San Xoán, 32 36995 Poio – Pontevedra | - 3000 gafas troqueladas en mesa de corte | 744,15 |
| BAÑOS PRINT, S.L | B36252872 | 6 lonas microperforadas 4*2 | 2366,76 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | López Ballesteros,9 36600 Vilagarcia de Arousa – Pontevedra | 12 lonas 2*1<br>- 300 cartaces 48*60<br>50 cartaces 70*100 | 866,36 |
| SERIGAL | B3635602<br>Polígono industrial Trabanca Badiña 36600 Vilagarcia de Arousa- Pontevedra | - 100 camisetas<br>900 mochilas serigrafiadas | 1481,65 |
| VIÑAS PUBLICIDADE | B36570141<br>Deiro de Arriba, 18 A 36628 Tremoedo- Vilanova de Arousa - Pontevedra | Colocación de carteleria en establecementos | 317,63 |

## CULTURA

**PRP2023/0897**

O pasado día 5 de marzo celebrouse o Festival de Comparsas no Salón de Actos do Auditorio Municipal.

Na X.G.L., sesión que tivo lugar o día 6 de febreiro de 2023, acordouse aprobar as bases para a celebración do Festival de Comparsas.

Este Festival de Comparsas non ten carácter competitivo, polo que cada unha das Comparsas participante, percibirán unha compensación económica de 300,00€, con cargo 334.48100 Ademáis as bases aprobadas establecen a forma de pagamento dos premios, e que a continuación se detalla:

O pagamento dos mesmos faráselle ás persoas ou entidades que figuran na ficha de inscrición do concurso, mediante transferencia bancaria, ao longo do mes de marzo de 2023,

Na X.G.L., sesión que tivo lugar o día 13 de febreiro de 2023, acorda aprobar o orzamento de gasto para do Entroido 2023, coa celebración dos distintos actos, neste caso que nos afecta, o gasto correspondente a compensación económica de participación, (cun máximo de 10) no Festival de Comparsas 2023, sendo a cantidade aprobada de 3.000,00€. o con cargo a partida 334.48100.

O número de Comparsas inscritas e que participaron no Festival de Comparsas o día 5 de marzo de 2023 foi de 6, polo que a cantidade de compensación económica ascende a 1.800,00€, resultando un sobrante de 1.200,00€

A continuación se detalla a relación de participantes no Festival de Comparsas , indicando os datos necesarios para realizar as transferencias bancarias:

| NOME | CIF | CONCEPTO | IMPORTE | Nº CTA. BANCARIA |
|---|---|---|---|---|
| ASOCIACIÓN CULTURAL MECOS O GROVE – | G-36409373 | Comparsa Jana de Leria | 300,00€ | ES15-2080-5426-2130-4011-6133 |
| CRISTINA MIGUEZ ALVÁREZ | 77400908C | Comparsa Leña Verde | 300,00€ | Es43-2080-5426-2330-4011-6307 |
